



FITUR 2020

PRESENTACIÓNS DO STAND DE GALICIA EN FITUR

XUNTA DE GALICIA

DATAS E LOCALIZACIÓN:



Días de profesionais
22, 23 e 24 de xaneiro, 2020

Días de público
25 e 26 de xaneiro, 2020



Pavillón 9
parcelas: 9C07 e 9C09

O acceso máis próximo realízase pola Porta
Norte do recinto feiral Juan Carlos I



O Xacobeo 21 e o Camiño de Santiago protagonizarán este ano o stand de Galicia en Fitur. Todas as persoas que se acheguen ao espazo de 967 metros cadrados nos que se exhibirá a oferta turística da Comunidade poderán adentrarse no chamado túnel do Camiño, no que estarán representados os dez itinerarios da Ruta Xacobeá a través dun percorrido sensorial de vídeo, imaxes e son relacionados con aspectos patrimoniais e valores emocionais da experiencia.

Entre os elementos que estarán representados destaca o uso do estampado do pano propio do traxe tradicional galego, que viste parte do stand a modo de fío condutor, ou a icónica cuncha de vieira.

Trátase dun stand onde todos os detalles están traballados a xeito de autor, con personalidade propia, co obxecto de transmitir os valores de Galicia como destino turístico, como son a enogastronomía, o patrimonio ou a paisaxe. Elementos que fan da nosa Comunidade un exemplo do turismo de calidade.


O expositor contará con máis de 16 espazos divulgativos e de información que representarán a oferta turística de Galicia, con presenza das catro provincias e os seus xeodestinos, as sete cidades ou elementos singulares do noso modelo turístico, como son, entre outros, os Entroidos, ou o turismo rural e tamén un espazo profesional para favorecer as relacións comerciais dos profesionais do sector. Ademais, o expositor acollerá preto de 40 presentacións centradas en elementos característicos da oferta turística galega, baseada na calidade e a sustentabilidade.

MÉRCORES

22 DE XANEIRO

11:00

RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA



11:45

CARA O XACOBEO 2021

Faltan menos dun ano para que a Catedral de Santiago abra a Porta Santa e se inicie o Xacobeo 2021, o primeiro en máis dunha década. Nos próximos meses irán en aumento os proxectos e accións que encherán de cultura e vida toda a Comunidade nunha celebración que aspira a ser universal e participativa. Un antes e un despois para toda Galicia

12:40


IMPULSO AO SECTOR TURÍSTICO EN 2019 E PERSPECTIVAS DE FUTURO

13:00

MIRADOIRO DO ÉZARO. TURISMO E CICLISMO NA COSTA DA MORTE

13:30

ECOTURISMO NA RESERVA DA BIOSFERA "MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO"



14:00

RIBEIRA SACRA,
CANDIDATURA PATRIMONIO
DA HUMANIDADE

A paisaxe cultural da Ribeira Sacra constitúe un dos principais atractivos de Galicia. A candidatura a Patrimonio da Humanidade permitirá poñer en valor o seu patrimonio antropolóxico, a súa impresionante xeografía física ou as mostras de enxeñaría asociadas ao cultivo das vides.

14:30

SANTIAGO TECH COMPOSTELA

15:00

TUREXPO

15:15

EDICIÓN DA GUÍA GASTRONÓMICA
"... E PARA COMER LUGO"

15:30

XANTAR 2020

16:00

CAMIÑANDO A RÍA DE MUROS-NOIA



16:30

GALICIA DESTINO SURF

Galicia é a Comunidade española que conta cun maior número de quilómetros de costa. Trátase dun feito que, xunto coas súas condicións climatolóxicas, sitúan os areais galegos como un lugar idóneo para a práctica do surf, un deporte cada vez máis en auge e que permite dar a coñecer a paisaxe galega dentro e fóra das nosas fronteiras.

17:00

CATRO FORMAS DE VIVIR COSTA DA MORTE INTENSAMENTE

17:30

XEODESTINO TERRAS DO CONDADO A PARADANTA, TURISMO DEZ: MOITO POR VER

18:00


RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO: BENVIDOS AO PRIMEIRO REINO MEDIEVAL DE EUROPA

18:30

O LEGADO XUDEU EN GALICIA: MONFORTE DE LEMOS, RIBADAVIA E TUI

18:40

CAMIÑO DE INVERNO: PAISAXE E TRADICIÓN, CLAVES PARA O DESENVOLVEMENTO



XOVES

23 DE XANEIRO

10:10

GALICIA MICE

A realización de congresos, seminarios ou convencións permite avanzar na desestacionalización dos fluxos turísticos atraendo a un perfil de viaxeiro con alto valor engadido. A proximidade do Xacobeo 21 supón unha oportunidade para situar Galicia como referente neste eido aproveitando a oportunidade de diálogo e de intercambio cultural que traerá consigo.



10:30

GALICIA SABE

Falar de Galicia é falar de gastronomía e por iso a estratexia Galicia Sabe establece unha folla de ruta para situar a nosa Comunidade como un referente no turismo enogastronómico a nivel internacional, identificando máis de 2.000 recursos enogastronómicos propios e poñendo as ferramentas precisas para a posta en marcha de produtos turísticos ligados ás súas particularidades.

10:45

MEGA MUNDO ESTRELLA GALICIA:
MOITO MÁIS QUE UN MUSEO

11:00

LUGO É O CAMIÑO

11:30

LUGO, VEN!

12:00

A CORUÑA, SABOR ATLANTICO

12:30

SEGUE O TEU INSTINTO

13:00

O FENÓMENO VIGO

13:30

OURENSE: UN CAMIÑO ENTRE
AUGAS

14:00

FERROL, TODO O QUE UNHA
CIDADE QUERE SER

14:50

PONTEVEDRA NORTE, NATUREZA,
CULTURA E GASTRONOMÍA

15:15

XEODESTINO ANCARES – COUREL –
MONTAÑA LUCENSE “SENTE O
AUTÉNTICO”

15:30

MONTAÑAS DO COUREL, UNHA
XEOLOXÍA MOI HUMANA



15:45

GALICIA, CALIDADE
TURÍSTICA

Este proxecto pioneiro desenvolvido pola Xunta e o Instituto para la Calidad Turística Española (ICTE) permitirá deseñar por vez primeira medidas para que albergues ou espazos singulares do Camiño de Santiago poidan ver recoñecida a súa calidade e excelencia a través da Q de Calidade.

16:00

O RIBEIRO-O CARBALLIÑO,
CORAZÓN TERMAL

16:30

O PROXECTO DO XEOPARQUE CABO
ORTEGAL E O CAMIÑO A SANTO
ANDRÉS DE TEIXIDO COMO
PRODUTOS SUSTENTABLES;
FESTIVAL INTERNACIONAL DO
MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

17:00

A MARIÑA LUCENSE EN 5
EXPERIENCIAS SLOW

17:30

ACTÍVATE EN O SALNES

18:00

AROUSA NORTE, A ORIXE

18:20

DE ADRO VELLO A SANTIAGO DE
COMPOSTELA: A TRASLATIO POLA
RUTA XACOBEO DO MAR DE
AROUSA E ULLA

18:30

RUTA DOS FENICIOS POLO
ATLÁNTICO-LAS CASSITERIDES



18:45

TURISMO DE BUCEO EN
GALICIA, WAOH ROUTE!

Galicia presenta un cofre de 75 experiencias neste proxecto conxunto entre Galicia e rexións de Portugal, Irlanda e Reino Unido, que incluírá actividades náuticas con percorridos en kaiak polas rías, avistamento de cetáceos ou propostas para mergullarse no coñecemento do patrimonio subacuático da costa, mestura de infortunios e lendas.

VENRES

24 DE XANEIRO

10:00

SEMANA SANTA EN GALICIA

Esta xenuína tradición, repleta de ritos tan antigos como propios que a singularizan, enche as rúas galegas cada ano. O número das que están declaradas de interese turístico segue aumentando, con Ferrol e Viveiro ao fronte co seu recoñecemento internacional.



11:30

PRESENTACIÓN DE GALICIA

12:45

SANXENXO, TERRITORIO DE PREFERENTE ACTUACIÓN TURÍSTICA

13:00

TERRAS DE CELANOVA-SERRA DO XURÉS, PEDRA VIVA!

13:30

LA VUELTA EN GALICIA

Galicia será a protagonista de tres etapas de La Vuelta na que os participantes percorrerán preto de 300 quilómetros ao longo das catro provincias galegas. Este espectáculo deportivo de primeiro nivel supón unha oportunidade única para proxectar a imaxe de Galicia en todo o mundo.



14:00

ENTROIDO-CARNAVAL DE GALICIA

O Entroido é por definición a festa máis subversiva do ano. O Entroido galego, tamén chamado Antroido ou Introido, entre outras denominacións, é ademais unha celebración de longa tradición popular e hoxe goza de moi boa saúde na provincia de Ourense (Xinzo de Limia, Verín, Viana do Bolo, Laza, Manzaneda e Maceda) ou en Cobres-Vilaboa e os Xenerais da Ulla.




14:30

RUTA MARÍTIMA 'O CABALEIRO DAS CUNCHAS'

FITUR 2020

PRESENTACIÓNS DO STAND DE GALICIA EN FITUR



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA